

Avaliación	Pendientes
Ordinaria Parcial 2	
Data	5 de febreiro
Curso	2025 - 2026

NOME		GRUPO:
------	--	--------

EXERCICIO	1	2	3	4	5	6	7	8	TOTAL (10p)
PUNTUACIÓN									

OBSERVACIÓNS:

Tódolos exercicios deben incluír o procedemento realizado na súa resolución. Non se terán en conta exercicios que no estean debidamente xustificadas.

Está totalmente prohibido o uso de aparellos electrónicos non autorizados expresamente. Calculadora non autorizada

1. [0,50 puntos; ver repartición] **Teoría aplicada**, Contesta as seguintes cuestións:

- Dado o polinomio $P(x) = 2x^3 - 2x^2 + 1$
 - a. [0,10 puntos] ¿Cal é o termo principal de $P(x)$?
 - b. [0,10 puntos] ¿Cal é coeficiente de grao 1?
 - c. [0,10 puntos] ¿Cal é o grao de $P(x)$?
 - d. [0,20 puntos] ¿Trátase de un polinomio completo? **Xustifica a túa resposta**

2. [1,50 puntos, ver repartición] Resolve as seguintes cuestións de maneira clara e fundamentada

- a. [0,50 puntos] Calcula o **valor numérico** do polinomio $P(x) = x^3 + 2x^2 - x + 10$ para $x = -3$.
Non omitas ningún paso.
- b. [0,50 puntos] Extrae o **máximo factor común** na seguinte expresión: $25m^2n + 20m^3n^2 - 30m^4$.
Consello: Cando remates, mentalmente comproba o resultado aplicando a propiedade distributiva.
- c. [0,50 puntos] Desenvolve a **identidade notable** $(3x^2 - 2)^2$ e logo simplifica.

3. [1,50 puntos, ver repartición] Realiza as seguintes **operacións alxébricas**, dando o resultado o máis simplificado posible e ordenado de maior a menor grao

- a. [0,50 puntos] $\frac{12x \cdot 3x^2}{x} + \frac{14x \cdot x^3}{7x^2}$
- b. [1 punto] $4x^4 - (2x^2 - 5)(2x^2 - x + 5) - 5(x + 5)$

4. [2 puntos, ver repartición] Resolve as seguintes ecuacións:

a. [0,80 puntos] $\frac{18x-5}{18} - \frac{x+1}{2} = \frac{x}{9}$

b. [1,20 puntos] $5x^2 - 12x + 7 = 0$

5. [1,50 puntos] Resolve o seguinte **sistema de ecuacións** polo método máis axeitado e **comproba a súa solución**

$$\begin{cases} 5x - 2y = 11 \\ 4x + 3y = -5 \end{cases}$$

6. [1,25 puntos] A suma das idades dunha nai e unha filla é de 56 anos. **Fai 10 anos**, a idade da nai era o quíntuplo da idade que tiña a filla. **¿Cal é a idade actual da nai e a filla?**

Nota importante: Na realización dos problemas é **obligatorio** presentar e declarar a/as incógnita/s, facer a proposición do problema, resolver a ecuación ou sistema e explicar ou contestar adecuadamente a solución

7. [1 punto] **Obtén unha táboa de valores** da función $y = -3x + 4$ e **represéntea**. ¿Cal é a **pendente** e a **ordenada na orixe**?

8. [0,75 puntos] Óscar foi o instituto en bicicleta. A seguinte gráfica mostra a velocidade que levou durante o traxecto

- a. ¿Canto tardou en chegar ao instituto?
- b. ¿Cal foi a velocidade máxima que alcanzou? ¿En que momento do traxecto o fixo?
- c. ¿Parouse en algún momento? Se a resposta é afirmativa, ¿canto tempo estivo detido?
- d. Indica en que intervalos de tempo creceu e decreceu a velocidade

